

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de marzo de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día catorce de marzo de dous mil cinco, en segunda convocatoria e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico municipal, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(262).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de marzo de 2005 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(263).- AMPLIACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE INFORMACIÓN MUNICIPAL “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 1034/101.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación do 10.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 07-06-2004 adxudicou a Canal Uno de Comunicaciones, S.L. o concurso para a elaboración e desenvolvemento da campaña de información Municipal “O concello Informa” por un importe anual de 200.000 euros.

O xefe do servizo de Administrativo da Alcaldía e o Xefe de RR.PP e protocolo en informes que se achegan no expediente expoñen as novas necesidades que motivan a modificación do devandito contrato no sentido de incorporar como novas prestacións as de coordinar e xestionar as informacións da “Volvo Ocean Race” integradas no programa Vigo 2005”. A ampliación do contrato terá un custo anual de 40.000 euros.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.

O aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse a partida 111.1.226.02.02 “Publicidade Xeral” ou a bolsa de vinculación 22 da función 111.1 do presuposto do ano 2005.

Nos citados informes tamén se propoñe a prorroga do contrato por unha anualidade máis.

Na cláusula II do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia de un ano o día seguinte a sinatura do contrato, polo que o contato iniciouse o día 18-06-2004. Na mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por unha anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar o contrato de elaboración e desenvolvemento da campaña de información Municipal “O concello Informa”, adxudicado á empresa Canal Uno de Comunicación S.L.por acordo da Xunta de Goberno Local de 07-06-2004 no sentido de incorporar como novas prestacións as de coordinar e xestionar as informacións da “Volvo Ocean Race” integradas no programa Vigo 2005”.

A ampliación do contrato terá un custo anual de 40.000 euros que se poderán imputar á partida 111.1.226.02.02 “Publicidade Xeral” ou a bolsa de vinculación 22 da función 111.1 do presuposto do ano 2005.

2º.- Autoriza-la prorroga para o periodo 18-06-2005 ó 17-06-2006 do contrato para a prestación do servizo de elaboración e desenvolvemento da campaña de información Municipal “O concello Informa” adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 07-06-2004 a “Canal Uno de Comunicación, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(264).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/150, 14/148, 11/872, 22/1117, 2/1151 E 14/422.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local accorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Gloria Perez Corral. Expte 14/150
- D<sup>a</sup> Maria Otilia Amosa Iglesias. Expte14/148
- D Jose Muiños Arenas. Expte 11/872
- D<sup>a</sup> Encarnación Priegue Rama. Expte 2/1151
- D<sup>a</sup> Rosa Novo Dios. Expte 22/1117
- D<sup>a</sup> Virginia Fernandez Alvarez. Expte 14/422

**4(265).- PRESTACIÓN DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 11/228, 12/985 E 22/1182.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado pola Delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a:

- D. Juan Estévez Alvarez. Expte 22/1182
- D<sup>a</sup> Julia Costas Iglesias. Expte 11/228
- D. Gumersindo Vázquez Fernández. Expte 12/985

**5(266).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA REALIZAR A 41 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS 2005. EXPTE. 5136/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.01.05, o documento contable RC acreditativo da existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, conformado pola concelleira delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da 41 Edición do Rallye Rías Baixas, entre o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 30.000 € a favor da entidade; Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398. Con enderezo en 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. (c/c: 2080.0147 11 0040003914 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERIA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 40 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS*

*No Concello de Vigo, a        de        do dous mil cinco.*

*Dunha parte:        Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.*

*E doutra:        D. Fernando Mouriño Sio, en nome e representación da Escudería Rías Baixas*

*Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.*

**EXPOÑEN :**

*Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Rallye Rías Baixas, que con grande éxito vense celebrando dende hai 41 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días, 27 ó,29 de maio do 2005, nos seguintes termos:*

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA,-** *O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

- 1.1.- Ceder os dereitos de organización do Rallye Rías Baixas á Escudería Rías Baixas para a celebración do mesmo os días 27 ó 29 de maio do 2005.*
- 1.2.- A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración do Rallye Rías Baixas.*
- 1.3.- Aboar á Escudería Rías Baixas os gastos relacionados coa organización e celebración do Rallye Rías Baixas de 30.000 €, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes.*
  - 1.3.1.- A sinatura do presente convenio, aboarase o 50% (15.000€) do importe total proposto, de cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte da Escudería Rías Baixas*
  - 1.3.2.- O resto do importe abonarase coa certificación e presentación de facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.*

**SEGUNDA,-** *a Escudería Rías Baixas, asume as seguintes obrigas:*

- 2.1.- Organizar o Rallye Rías Baixas, nas datas do 27 ó 29 de maio do 2005.*
- 2.2.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*
- 2.3.- Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial do Rallye Rías Baixas.*
- 2.4.- En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.5.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 1.000 invitacións para promocionar o evento entre os colexios da cidade.*

**TERCEIRA:** *O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose a Escudería Rías Baixas a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Rallye Rías Baixas.*

*A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*CUARTA: Así mesmo acordan que todos los ingresos derivados de: venda de entradas, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Rallye Rías Baixas serán percibidos en beneficio da Escudería Rías Baixas para sufragar os gastos do Rallye e como compensación os servicios prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.*

*QUINTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da 41 edición do Rallye Rías Baixas 2005.*

*SEXTA: A Concelleira-Delegado da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultado para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.*

*Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.*

**6(267).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA REALIZAR A 32 EDICIÓN DO GRAN PREMIO CICLISTA SAN XOSÉ OS DÍA 19 E 20 DE MARZO NA AVDA. DE SAMIL. EXPTE. 5170/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do director deportivo do IMD, conformado pola Concelleira da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ao club ciclista Vigués a celebrar a 32 edición do Gran Premio Ciclista San Xosé os vindeiros días 19 e 20 de marzo que se desenvolverá na avda. de Samil, entre a avda. de Europa e as instalacións deportivas municipais do IMD, co horario seguinte:

- Día 19 de 15:00 h. a 19:00 h.
- Día 20 de 10:00 h. a 14:00 h.

**7(268).- PROPOSTA DE DENEGACIÓN DE AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS A DNA. FELISA VICENTE ALVAREZ. EXPTE. 3036/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica local de Emprego, do 24.02.05, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, como órgano administrativo responsable da execución da sentenza nº 413 do 13 de setembro de 2004 do Xulgado Do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, levou a cabo as seguintes actuacións executorias do resolto xudicialmente:*

1º.- Conceder á recorrente o prazo de dez días para a remisión do “Certificado de estar o corrente nas súas obrigas tributarias coa Consellería de Economía e Facenda” .

2º.- Con data de 4 de Xaneiro de 2005 tivo entrada no Rexistro do Concello a documentación requirida, procedéndose a súa incorporación ó expediente. Coa achega da Certificación o expediente reúne toda a documentación esixida pola base 4ª das Bases Reguladoras da Convocatoria do ano 2003 do programa de axudas municipais á creación de empresas.

3º.- Unha vez completado o expediente coa documentación referida, procedeuse, conforme os criterios de avaliación expostos na base 1ª.5 das citadas Bases Reguladoras, a determinar a puntuación obtida pola solicitude da recorrente, acadando a mesma os 25 puntos.

4º.- Na Disposición Adicional Primeira das reseñadas Bases expónse que as accións incluídas na convocatoria do ano 2.003 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 4700000 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto municipal para ese ano cun importe total de 116.000 euros. Tendo en conta o limitado do presuposto e o elevado número das solicitudes presentadas, pola Comisión de Valoración e Seguimento procedeuse a distribuír o mencionado presuposto entre as solicitudes que acadaran a maior puntuación, esgotándose dito presuposto nas solicitudes que obtiveron unha puntuación por riba dos 30 puntos.

Por todo o exposto, e en base á acta da Comisión de Valoración de data 23/02/2005 que se achega no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Denegar a axuda a dona Felisa Vicente Álvarez por non acadar a puntuación mínima esixida para obter a subvención

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe e polo tanto, denegar a axuda a dona Felisa Vicente Álvarez por non acadar a puntuación mínima esixida para obter a subvención.

### **8(269).- PROGRAMACIÓN DE OBRAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO POLO PROGRAMA BIAL (2). EXPTE. 3053/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Çservizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.03.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O pasado día 21 de febreiro deste ano que corre, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos coas que arrancou o programa o BIAL o primeiro día de traballo dos beneficiarios, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Achégase copia da certificación emitida por esta Xunta.

Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste mes de marzo, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

*A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 1ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás.*

*Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello. Achéganse, tamén, copias das solicitudes propostas polos distintos departamentos.*

*Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

- Aprobar a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, para o seu inicio previsto no mes de marzo coas brigadas da primeira quenda.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Aprobar a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, para o seu inicio previsto no mes de marzo coas brigadas da primeira quenda.

### **9(270).- MEMORIAS DE OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE “PROGRAMAS DE COOPERACIÓN- ANO 2005” DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS. EXPTE. 3047/77.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.03.05, que di o seguinte:

*O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e aos Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia).*

*A Orde do 4 de febreiro de 2005, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, regula a convocatoria do Programa Labora: Xuventude con experiencia para o ano 2005 e outra Orde da mesma data regula os Programas de Cooperación, para o mesmo ano.*

*As diferencias entre ambos programas radican, principalmente, na duración das obras ou servizos e no perfil dos seus traballadores/as. Así, a Orde que regula a convocatoria de Programas de Cooperación obriga a executar as obras ou servizos, na súa totalidade, dentro do ano natural do exercicio orzamentario (ano 2005), agás autorización do órgano competente para resolver debido a causas debidamente xustificadas, tendo preferencia para a súa selección desempregados/as con especiais dificultades de inserción laboral (parados/as de longa duración, discapacitados/as, mulleres, maiores de 45 anos). Pola súa parte o Programa Labora diferénciase de Programas de Cooperación en que está dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de desempregados/as incorporados/as á base de datos do programa tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30 anos e sen experiencia laboral.*

*Neste ano 2005, para ambos programas, subvenciónanse os custos salariais totais do persoal traballador segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.*

*No marco das Ordes que regulan ambos programas para o ano 2005, Desenvolvemento Local e Emprego solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a estas subvencións, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, segundo o Acordo regulador vixente para beneficiarios/as de programas de emprego no Concello de Vigo e que, así mesmo, os custos de materiais e de funcionamento deben ser asumidos por cada departamento, especificando a partida que soportaría o gasto (achégase exemplo do escrito enviado aos departamentos).*

*Para o presente ano 2005, de resultas desta solicitude enviada, os distintos departamentos municipais presentaron unha batería de 51 proxectos para a contratación de traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as seus/súas responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación.*

*Este departamento de Desenvolvemento Local e Emprego valorou as características de cada proxecto recibido para decidir, posteriormente, a cal das dúas convocatorias se adaptaba mellor, tendo en conta dous factores: a duración imprescindible das obras/servizos e a necesidade de experiencia dos equipos de traballo.*

*Posteriormente, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007 tratou este tema na súa reunión do 4 de marzo de 2005 (achégase acta).*

*Así, no cadro adxunto resúmese os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria de Programas de Cooperación neste ano 2005, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/as e a duración da obra ou servizo.*

*Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE, seguindo instrucións da concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:..."*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo conformada pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2005, que se resumen no cadro adxunto.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia subvención para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de ser aprobados pola Xunta de Galicia.



PROGRAMAS DE COOPERACIÓN				
Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servicios / obras)	Traballadores/as	Total traball.	Duración (meses)
Bombeiros	Pintado do parque de bombeiros	4 oficiais pintores	4	6
Desenvolvemento Local e Emprego	Mundo do mar	1 experto en actividades nauticas 14 alumnos/a da escola obradoiro	15	6
IMD	Accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas nas instalacións deportivas de propiedade municipal	4 oficiais mantemento 4 peóns mantemento	8	8
Turismo	Estudo e dinamización dos recursos turísticos de Vigo	3 diplomad. empresas e activ. turísticas	3	8
Montes, Parques e Xardíns	Conservación de zonas verdes	8 oficiais xardineir. 1 oficial condut. 1 oficial fontan. 1 oficial ferreir. 16 peóns xardineir.	27	6
	Axardinamento e recuperación medio ambiental de zonas verdes	1 enxeñ. técn. agrícola 6 oficiais alban. 3 oficiais xardineir. 1 oficial carpint. 1 oficial fontan. 1 oficial condut.	13	6
Vías e obras	Melloras nos servizos de Vías e obras	1 arquitect. técnic. 1 enxeñ. técn. obras públicas 2 delineant. 1 aux. admtvo. 7 oficiais alban. 2 oficiais canteir. 1 oficial carpint. 9 oficiais condut. 5 oficiais condut. motoniveladora 2 oficiais ferreiros 2 oficiais fontan. 8 oficiais pavimentad. 2 oficiais pintor. 30 peóns	73	6
Limpeza	Limpeza de praias	14 peóns	14	6
<b>TOTAL</b>	<b>8 MEMORIAS</b>		<b>157</b>	

**10(271).- MEMORIAS DE OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DO “PROGRAMA LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA-ANO 2005” DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS. EXPTE. 3046/77.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.03.05, que di o seguinte:

*O Plan municipal de emprego 2004-2007 foi aprobado, por unanimidade, o 26 de xaneiro de 2004 e contempla, para a promoción do emprego, os “Programas de contratación para a inserción”, que engloban ao Programa Bial (de financiamento exclusivamente municipal) e aos Programas de cooperación e Labora (subvencionados pola Xunta de Galicia).*

*A Orde do 4 de febreiro de 2005, da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, regula a convocatoria do Programa Labora: Xuventude con experiencia para o ano 2005 e outra Orde da mesma data regula os Programas de Cooperación, para o mesmo ano.*

*As diferencias entre ambos programas radican, principalmente, na duración das obras ou servizos e no perfil dos seus traballadores/as. Así, a Orde que regula a convocatoria de Programas de Cooperación obriga a executar as obras ou servizos, na súa totalidade, dentro do ano natural do exercicio orzamentario (ano 2005), agás autorización do órgano competente para resolver debido a causas debidamente xustificadas, tendo preferencia para a súa selección desempregados/as con especiais dificultades de inserción laboral (parados/as de longa duración, discapacitados/as, mulleres, maiores de 45 anos). Pola súa parte o Programa Labora diferénciase de Programas de Cooperación en que está dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de desempregados/as incorporados/as á base de datos do programa tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30 anos e sen experiencia laboral.*

*Neste ano 2005, para ambos programas, subvenciónanse os custos salariais totais do persoal traballador segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.*

*No marco das Ordes que regulan ambos programas para o ano 2005, Desenvolvemento Local e Emprego solicitou dos diferentes departamentos municipais a elaboración de proxectos de actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a estas subvencións, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, segundo o Acordo regulador vixente para beneficiarios/as de programas de emprego no Concello de Vigo e que, así mesmo, os custos de materiais e de funcionamento deben ser asumidos por cada departamento, especificando a partida que soportaría o gasto (achégase exemplo do escrito enviado aos departamentos).*

*Para o presente ano 2005, de resultas desta solicitude enviada, os distintos departamentos municipais presentaron unha batería de 51 proxectos para a contratación de traballadores/as naqueles ámbitos nos que, seguindo as indicacións dos/as seus/súas responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación.*

*Este departamento de Desenvolvemento Local e Emprego valorou as características de cada proxecto recibido para decidir, posteriormente, a cal das dúas convocatorias se adaptaba mellor, tendo en conta dous factores: a duración imprescindible das obras/servizos e a necesidade de experiencia dos equipos de traballo.*

*Posteriormente, a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007 tratou este tema na súa reunión do 4 de marzo de 2005 (achégase acta).*

Así, no cadro adxunto resúmese os datos básicos dos proxectos que potencialmente poderán ser presentados á convocatoria do Programa Labora neste ano 2005, especificando, para cada un deles, o número e perfís dos/as traballadores/as solicitados/as e a duración da obra ou servizo.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE, seguindo instrucións da concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo conformada pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

### Acordo

1º.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria do Programa LABORA: xuventude con experiencia 2005, que se resumen no cadro adxunto.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia subvención para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de ser aprobados pola Xunta de Galicia.

PROGRAMA LABORA				
Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto (servizos / obras)	Traballadores/as	Total traball.	Duración (meses)
<i>Persoal e Normalización lingüística</i>	Elaboración “Manual de estilo” do Concello de Vigo	1 licenciad. filoloxía galega 1 licenciad. publicidade e relacións públicas 1 FP II artes plásticas e deseño 1 FP II xestión comercial e mercadotecnia	4	12
<i>Casa Galega da Cultura</i>	Actualización da informatización de fondos das bibliotecas da Casa Galega da Cultura	2 diplomad. biblioteconomía	2	12
<i>Biblioteca Pública Central</i>	Catalogación retrospectiva do fondo de depósito legal e anterior a 1958 da Biblioteca Pública Central de Vigo	6 licenciad. documentación	6	12
<i>Normalización lingüística e Patrimonio histórico</i>	Etnolingüística	2 licenciad. filoloxía galega 1 FP II admón sist. informáticos	3	12
<i>Patrimonio histórico</i>	Catalogación de plantas cultivadas do Xardín Histórico do Pazo de Castrelos	1 licenciad. bioloxía 1 enxeñeir. informática	2	12
	Catalogación de fondos de cartografía histórica do Concello de Vigo	1 licenciad. historia	1	12
<i>Arquivo Pacheco</i>	O labor no arquivo Pacheco	3 licenciad. historia 2 licenciad. documentación 1 FP I xestión admntva.	6	12
<i>Museo Quiñones de León</i>	Reorganización da sala de exposición permanente de arqueoloxía do museo municipal de Vigo	2 licenciad. historia 1 diplomad. conservac. e restaurac. bens	3	12

	“Quiñones de León”	cult.		
<i>Informática</i>	Adaptación dos sistemas de información do Concello de Vigo á Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal	1 enxeñeir. organización industrial	1	12
<i>Voluntariado</i>	Oficina de voluntariado	1 licenciad. políticas 1 diplomad. educación social 1 FP II aplicacións informáticas	3	12
<i>Xuventude</i>	Estudo sociolóxico da xuventude viguesa	2 licenciad. socioloxía 1 FP II secretariado	3	12
<i>Turismo</i>	Centro turístico Vigo 05	1 licenciad. xornalismo 1 licenciad. publicidade e relacións públicas 3 diplomad. empresas e activid. turíst.	5	12
	Vigo, rutas con encanto	6 diplomad. empresas e activid. turíst.	6	12
	Observatorio estatístico Vigo 05	2 licenciad. socioloxía 1 licenciad. economía 8 diplomad. empresas e activid. turíst.	11	12
<i>IMD</i>	Seguimento, catalogación e memorias das actuacións en materia de eventos deportivos na tempada 2005-2006 con motivo das actuacións paralelas á Regata Volvo Ocean Race	1 licenciad xornalismo	1	12
	Catalogación informática da infraestrutura e programas deportivos no termo municipal de Vigo	1 arquitect. 1 FP II delineación edificios 2 FP II desenvolv. aplicac. informáticas	4	12
<i>Muller</i>	A igualdade entre xéneros no ámbito educativo e prevención das actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade	2 licenciad. pedagogía	2	12
<i>TOTAL</i>	17 MEMORIAS		63	

**11(272).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O FUNCIONAMIENTO DOS COMEDORES ESCOLARES. EXPTE. 6449/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.01.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 27.12.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. – Aprobar o Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca: FOANPA (CIF.G-36743946), que de seguido se transcribe.

2º. – Autorizar o gasto a que da lugar, que supón un custe de 193.523'49.- €. (CENTO NOVENTA E TRES MIL CINCOCENTOS VINTE E TRES CON CORENTA E NOVE EUROS) que se cargarán á partida 422.0.489.00.01 do presuposto de 2005 en trámite.

*“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA)”*

*No Concello de Vigo, o día*

*REÚNESE:*

*Dunha parte:*

*D. Ignacio Javier López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais do Excmo. Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás atribucións que lle son conferidas.*

*E doutra:*

*Dna. Bertila Fernández Pérez, Presidenta da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, en representación da mesma.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e*  
*EXPOÑEN:*

*A aplicación da REFORMA EDUCATIVA, plasmada na LOXSE, Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, proporcionou unha ocasión privilexiada para pór en marcha un proxecto de PARTICIPACIÓN ACTIVA de tódolos axentes involucrados na educación, na procura dunha mellor calidade da ensinanza.*

*Un dos principios metodolóxicos da LOXSE, salientaba a necesaria participación e colaboración das institucións locais e as ANPAS, para unha mellor consecución dos obxectivos educativos, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia. Mesmo a Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación, agora en revisión, contempla no seu capítulo segundo e quinto a necesidade da participación dos pais e nais na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas.*

*A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden a loita por un ENSINO PÚBLICO GRATUÍTO E DA MÁXIMA CALIDADE. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en tódolos órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Cómpre a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as ANPAS para acada-lo desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. A colaboración ten como obxectivo primeiro achega-la xestión pública ós intereses dos cidadáns e cidadás.*

*Para posibilitar a participación real das Anpas é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores das Anpas de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación.*

*Por todo o exposto:*

#### **ACORDAN:**

*Primeiro.- O Concello de Vigo reconece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ó Concello neste ámbito.*

*Segundo.- O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL, do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de centros de ensino público de Vigo que representa.*

*Terceiro.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa política educativa.*

*Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca e a Concellería a Área de Asuntos Sociais manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global da política que está a levar o Concello en materia educativa e das inxerencias e propostas destes colectivos.*

*Cuarto.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca comprométese tamén a:*

- afrontar-las tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- organizar e regula-la realización de actividades extraescolares das Anpas de ensino infantil e primario federadas na Foanpa.*
- acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante o Departamento de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- entregar ó Departamento de Educación do Concello de Vigo, no primeiro trimestre do curso escolar, a programación educativa para ese curso.*
- promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*

*Quinto.- O Concello de Vigo pon á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca un local no Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación.*

*Sexto.- O Concello de Vigo informará anualmente á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca das contías e conceptos asignados ó programa de AUTOXESTIÓN para o mantemento dos centros de ensino público de Vigo.*

*Sétimo.- O Concello de Vigo comprométese a pagar*

- 193.523'49.- €. (CENTO NOVENTA E TRES MIL CINCOCENTOS VINTE E TRES CON CORENTA E NOVE EUROS) pagadeiros en tres prazos o primeiro por importe de 46.000'00 € coa asinatura do convenio e antes de fin de febreiro, o segundo por importe de 101.523.49 a fin de curso e antes do 30 de xuño, e o terceiro e ultimo por importe de 46.000'00 €, antes do 30 de novembro, a favor da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca, para facer fronte ás responsabilidades de xestión de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

Oitavo.- Esta subvención municipal é compatible con outras aportadas a esta Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca por organismos públicos ou privados.

Noveno.- A FOANPA xestionará a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e comedores en cada centro de ensino público de Vigo, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da Anpa de cada centro, para mellora-la calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

A Concellería de Educación terá como único interlocutor válido no proceso de concesión das referidas subvencións á Foanpa, que asume a responsabilidade de recabar a información sobre o número e as actividades que desenvolven as ANPAS e de recabar e remitir ó Concello toda a documentación necesaria para xustifica-la subvención.

Décimo.- As Anpas destinatarias destas subvencións serán todas aquelas de ensino infantil e primario que, como condición indispensable, estén federadas na Foanpa e pertencen a centros situados no termo municipal de Vigo. As actividades obxecto de subvención serán aqueles comedores e actividades extraescolares proxectadas polas referidas Anpas, realizadas e coordinadas por éstas e dirixidas ó alumnado do centro e que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo primeiro.- Coa firma do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución, xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizara a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, un/ha Técnico/a do servizo de educación do Concello de Vigo e presidida polo Concelleiro da Área de Asuntos Sociais.

En calquera caso, as Anpas beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á Foanpa, para que estudie a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2005, o formulario contido no anexo I do convenio, xunto coa documentación xustificativa que neste se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo segundo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade que deberá facerse íntegramente en galego.

Así mesmo comprométense a que na difusión da actividade e na edición de materiais conste a colaboración do Concello de Vigo.

Décimo terceiro.- Este convenio terá vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2005. Non obstante as partes poderán prorrogar este convenio, mediante acordo expreso, recollendo os importes que se deriven dos preceptivos estudos económicos correspondentes para o seguinte curso.

En proba de conformidade os representantes das partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados.

**12(273).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MÚSICA EN MOVEMENTO” DURANTE O EXERCICIO 2005. EXPTE. 1440/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 21.02.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 21.02.05, conformado polo concelleiro de Festas e A. Sociocultural e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e as Bandas populares de música de Vigo para a organización do programa “*Música en movemento*” durante o exercicio 2005.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto, por un importe total de 121.416.-€, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, segundo o seguinte desglose:

* "UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES" (CIF. G-36639110)	13.704.-€
* "UNIÓN MUSICAL DE CORUXO" (CIF. G-36634137)	13.704.-€
* "BANDA-ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE" (CIF. G-36647055)	13.704.-€
* SCD “ATLÁNTIDA” DE MATAMÁ (CIF. G-36620854)	13.704.-€
* "A.G. LIRA" DE SAN MIGUEL DE OIA (CIF. G-36638419)	12.984.-€
* UVCD de CANDEÁN (CIF. G-36863348)	12.984.-€
* "UNIÓN MUSICAL DE CABRAL” (CIF. G-36649945)	11.544.-€
* “AXBM AS DELICIAS DO CAEIRO” (CIF. G-36708923)	11.544.-€
* "ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE (CIF. G-36784197)	11.544.-€
* FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36855906)	6.000.-€

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACION CONCELLO DE VIGO - BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MÚSICA EN MOVEMENTO”



DURANTE O EXERCICIO 2005.

Vigo, o xxxx de xxxxxx de dous mil cinco,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte,

D. Antonio Costas Pérez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES", CIF G-36639110, con domicilio social en Vigo, Barrocas-Valadares, e inscrita no rexistro municipal co núm 564-98; actuando en representación desta.

D. Ricardo Acuña Martínez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE CORUXO", CIF G-36634137, con domicilio social en Vigo, Tarrío-Coruxo, núm 298, e inscrita no rexistro municipal co núm 522-97; actuando en representación desta.

D. José Pérez Davila, presidente da banda "ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE", CIF G-36647055, con domicilio social en Vigo, Coutada-Beade, 42, e inscrita no rexistro municipal co núm 567-98; actuando en representación desta.

D. Angel Costas Fernández, presidente da banda "AGRUPACIÓN MUSICAL "ATLÁNTIDA" da SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ, CIF G-36620854, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53, Matamá, e inscrita no rexistro municipal co núm 9-87; actuando en representación desta.

D. Anxo Alfonso Bastos, presidente da banda "LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA", CIF G-36638419, con domicilio social en Vigo, avda. de Cesáreo Vázquez, 141, e inscrita no rexistro municipal co núm 569-98; actuando en representación desta.

D. Óscar Domínguez González, presidente da banda "BANDA ESCOLA DE MÚSICA da UVCD DE CANDEÁN, CIF G-36863348, con domicilio social en Vigo, Devesa, 25, Candeán, e inscrita no rexistro municipal co núm 40-88; actuando en representación desta.

D. Miguel Anxo Lago Vázquez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE CABRAL", CIF G-36649945, con domicilio social en Vigo, avda. Santa Mariña, 95, Cabral, e inscrita no rexistro municipal co núm 38-88; actuando en representación desta.

D. Ignacio Bugarín Correa, presidente da banda "ASOCIACIÓN XOVEN BANDA DE MÚSICA AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL", CIF G-36708923, con domicilio social en Vigo, Caeiro, 100, Cabral, e inscrita no rexistro municipal co núm 563-98; actuando en representación desta.

D. José Manuel Ribeiro Cea, presidente da banda de música "ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE", CIF G-36784197, con domicilio social en Vigo, Alameda do Torreiro de Bembrive, s/n, e inscrita no rexistro municipal co núm 364/94, actuando en representación desta.

D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; actuando en representación desta.

## MANIFESTAN

1. Que o Concello de Vigo ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo, mediante a programación de concertos durante todo o ano nos distintos barrios da cidade e nas Festas do Cristo da Victoria , dentro do programa “Música en movemento”, co obxecto de achegar a a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos.

2. Que dende o ano 1990 o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo veñen suscribindo convenios de colaboración de forma ininterrumpida, con resultados moi satisfactorios para ambas partes.

Considerando o interese do exposto, o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo establecen a súa relación para o exercicio 2005 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do término municipal, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios da cidade, dentro do programa “Música en movemento”.*

*SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a CENTO VINTEUN MIL CATROCIENTOS DEZASEIS (121.416.-) €, aplicable á partida 451.2.227.06.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*

*TERCEIRA.- O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de cento dezasete (117), trece por cada unha das bandas asinantes.*

*As contías que se establecen por actuación e banda, a proposta da federación, son as seguintes:*

* “UNION MUSICAL DE VALLADARES”	1.142.-€
* “UNION MUSICAL DE CORUXO”	1.142.-€
* “ESCOLA DE MUSICA DE BEADE”	1.142.-€
* “AGRUPACION MUSICAL ATLANTIDA DE MATAMÁ	1.142.-€
* “LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA”	1.082.-€
* “ESCOLA DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN”	1.082.-
* “UNION MUSICAL DE CABRAL”	962.-€
* “AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL”	962.-€
* “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”	962.-€

*Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).*

*Así mesmo, establécese a cantidade de 6.000.-€ a favor da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, en concepto de planificación e organización de actividades complementarias e da coordinación das actuacións das bandas previstas neste convenio.*

*CUARTA.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellería de Festas e Animación Sociocultural, en coordinación coa federación. Quedarán*

excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluíranse actuacións en desfiles, pasarrúas ou procesións, ata un máximo de trece.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello de Vigo poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

QUINTA.- As obrigas que asumen as bandas de música asinantes respecto do Concello son as seguintes:

1. Realizar TRECE actuacións por banda asinante, unha delas de carácter gratuito a decidir polo Concello
2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural comunicará á federación os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:
  - se a data indicada estivera dispoñible, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.
  - se a data estivese comprometida previamente, a banda deberá acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

3. As bandas presentarán a través do Rexistro Xeral a factura das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio), antes do día 26 de decembro.
4. A Concellería de Festas entregará á Federación de Bandas un total de 9 estruturas publicitarias desmontables co seu logotipo oficial, para repartir a cada unha das bandas asinantes. Esta estrutura deberá estar presente nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visible. En caso de que algunha das bandas incumpla este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.

SEXTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuí-lo material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo da Concellería de Festas naquel que edite a propia entidade.
- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.
- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

SÉTIMA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas e animación Sociocultural, son as seguintes:

1. Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que estipule coa Federación de Bandas. Así mesmo, organizará un ciclo dentro das Festas do Cristo da Victoria 2005, no que tomarán parte obrigatoriamente as nove bandas, e que se celebrará en lugar a determinar polo concellería, nos meses de xullo e agosto, ambos inclusive.
2. Comunicarlle á federación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais.

*Debido a esto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*

3. Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión ós medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.
4. Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa Federación de Bandas, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peatonais, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respetar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

*OITAVA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación", asinados pola entidade correspondente, e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos.*

*NOVENA.- O Concello de Vigo aboará a cada banda o importe das actuacións unha vez sexan tramitadas as correspondentes facturas, mediante transferencia ás respectivas contas bancarias.*

*DÉCIMA.- A cancelación do presente convenio con algunha das bandas asinantes poderá producirse unilateralmente por parte do Concello de Vigo por algún destes motivos:*

1. Unha incomparecencia inustificada a un concerto.
2. Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.
2. Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*DECIMOTERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento*

*E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado na data e lugar indicados, facilitándoselles unha copia a cada unha das bandas asinantes.*

**13(274).- HONORARIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO CONVENIO SUBSCRITO COA ENTIDADE AQUALIA FCC VIGO UTE, APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 20.09.04. EXPTE. 43245/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 9.03.05, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 20 de setembro de 2004, acordou prestar a súa aprobación ao convenio suscrito entre esta Administración Municipal ea concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas (AQUALIA FCC VIGO UTE), que tiña por obxecto a execución de determinados proxectos de investimento en materia de ampliación de infraestrutura de saneamento, por un importe total de 5.293.540,58€ segundo se explicita na cláusula primeira do mencionado convenio.*

*A conveniencia de iniciar, a maior brevidade posible, as actuacións inversoras previstas require designar, con carácter previo, o técnico facultativo que dirixirá as obras, sen prexuízo de que os correspondentes proxectos técnicos sexan previamente aprobados pola Xunta de Goberno Local, a cuio efecto xa están en fase de tramitación os respectivos expedientes.*

*En tal sentido é de significar que a cláusula quinta do xa referido convenio prescribe “a dirección de obra dos proxectos incluídos no presente convenio será encomendada a facultativo competente, que designará a Xunta de Goberno a proposta da entidade concesionaria”.*

*En cumprimento do mandato contido na referida cláusula quinta, a entidade concesionaria do servizo presentou no rexistro xeral deste concello, con data 15 de decembro de 2004 dúas ofertas de consultoras independentes, nas que se presupostan os traballos inherentes á dirección de obra (incluíndo proxectos de liquidación) así como os derivados dos traballos relativos á Coordinación de Seguridade e Saúde.*

*Solicitado informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, este emítese con data 31 de xaneiro de 2005, proponendo como a máis vantaxosa para os intereses municipais a proposición presentada pola entidade ESINPRO,S.L. polo importe de 108.550 (IVE excluído), o que supón un 82,79% sobre os honorarios orientativos de baremo do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.*

*O acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal, en sesión de data 25 de marzo de 2002 autoriza destinar os fondos obtidos en concepto da taxa “cotas de enganche a investimentos destinados a complementar a rede de infraestrutura de abastecemento e saneamento. Para tal efecto parece oportuno resaltar que, de conformidade co informe emitido polo director de administración e finanzas da concesionaria AQUALIA, o saldo dispoñible, como consecuencia da recadación das referidas taxas, unha vez deducidas as obras autorizadas polo órgano competente da corporación, ascende a cantidade de 599.324,79€ a data de peche do exercicio 2004, cantidade esta á que se debe incrementar os dereitos de cobramento daqueles contribuíntes que se acolleron a réxime de fraccionamento de pagamento (260.187,29€) así como os novos ingresos que se orixinen coa posta en marcha dos novos proxectos de extensión ou ampliación de rede.*

*De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura, tendo en conta da suficiencia de fondos dispoñibles, proponlle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado de Servizos Xerais.

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º- Informar favorablemente a contratación, por parte da entidade AQUALIA FCC VIGO UTE, da asistencia técnica para a dirección das obras incluídas no convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 20 de setembro de 2004, coa consultora ESINPRO, S.L. INGENIERIA, sinalándose como director facultativo ao enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo.

2º- Tomar coñecemento do prezo contractual convido entre a entidade AQUALIA ea consultora ESINPRO, S.L. para o desenvolvemento dos traballos descritos no apartado precedente, que ascende a cantidade de 108.550€ (IVE excluído), de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e en concordancia coa oferta presentada pola referida empresa consultora.

3º- Autorizar a entidade concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE o financiamento dos traballos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, descritos na presente proposta, mediante aplicación do saldo dispoñible en concepto de cotas de enganche, en concordancia co establecido na cláusula terceira do convenio aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión de data 25 de marzo de 2002.

### **14(275).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 1.500 € A FAVOR DE SANCHEZ ALVAREZ S.L. CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA. EXPTE. 70727/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da Xefa de Seguridade e Transportes, do 7.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de xaneiro de 2005 por SANCHEZ ALVAREZ, S.L, con CIF B-36.012.540, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PARAGUAY, 23, por non producirse danos.

### **15(276).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO “PUNTO INFORMA” E A REALIZACIÓN DO “PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”. EXPTE. 1972/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.02.05, o documento contable RC acreditativo de existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 14.02.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Asociación de Mulleres Dorna e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para o mantemento dun “*Punto Informa*” e a realización do programa “*Obradoiro de expresión vital e formación teatral*”

2º.- Autorizar á Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 18390.- euros, con cargo á partida 463.2.227.06.08 do presuposto vixente.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*En Vigo, na casa do Concello, o día        de        de dous mil cinco,*

**REÚNESE:**

*Dunha parte, D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez, Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.*

*Doutra D<sup>a</sup> Aurita González González, con DNI nº 35.918.270, en representación da Asociación de Mulleres “Dorna”.*

*As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte*

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”.**

*de acordo cos seguintes*

**ANTECEDENTES**

*A lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25, 26 e 28 confiren as administracións locais competencias no eido de Muller.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 22 de novembro de 2004 aprobou o “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007”.*

*Este Plan trata de poñer en funcionamento unha serie de servicios e recursos, coa finalidade de proporcionar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia. A filosofía que subxace neste II Plan e a de incrementar a calidade e a atención mediante a posta en marcha de distintas medidas tendentes a proporcionar un maior apoio á vítima desde unha perspectiva non só inmediata senón a medio e longo prazo, coa finalidade de adquirir unha maior autonomía e autosuficiencia reducindo na medida do posible dependencias económicas e psíquicas, no colectivo de referencia.*

*En concreto na área de “Seguimento e Apoio económico a vítima”, o obxectivo 3, insta ó Concello a facilitar a socialización das mulleres vítimas de violencia de xénero colaborando co movemento asociativo no desenvolvemento de actividades que rompan co illamento das mulleres vítimas de violencia, mediante a*

*participación informal en actividades de ocio e tempo libre, e a potenciación da participación asociativa nas súas diferentes formas.*

*Co obxecto de conquistar ese fin valórase positivo colaborar no proxecto presentando ao Departamento de Muller pola Asociación de Mulleres Dorna, a máis veterana da cidade de “Expresión vital e formación teatral”, como un elemento integrador e de reforzamento para romper o illamento social que, non poucas veces sofren as vítimas de violencia de xénero.*

*Por outra banda, o Punto de Información no barrio de Coia para mulleres vítimas de violencia de xénero, creado pola Asociación Dorna en colaboración co Concello de Vigo no ano 2001 contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos, cumprindo así un dos obxetivos do “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004.2007”:*

*Obxectivo nº 2: “Potencia a descentralización dos servizos e recursos da Administración Local para facilitar a detección e denuncia da violencia”. (“Área de Coordinación”)*

*Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.*

*Obxectivo nº 2 “Sensibilizar e informar a poboación en xeral sobre o fenómeno de violencia de xénero” (Área de información e sensibilización social).*

*O Concello de Vigo obrígase a apoiar o mantemento do “Punto Informa” e a realización deste obradoiro permanente de formación teatral, dirixido ás mulleres, e comprométese a aboar as contías precisas para a realización de ambos programas.*

*O carácter da intervención fai máis efectiva e máis conveniente para os intereses municipais a firma dun convenio de colaboración coas actúantes, para realizar as actividades dirixidas ás mulleres que configuran estes programas, xa que o Concello non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as actividades por si só, nin é aconsellable a ampliación de medios que esixiría, dado o carácter puntual e especializado das intervencións que abrangue.*

*No convenio proposto prodúcese unha compensación entre as prestacións e as contraprestacións que se sinalan, que consisten básicamente na cesión de locais e equipamentos para a realización do programa e a aportación dos labores de organización e convocatoria do alumnado ou usuarias dos programas entre as mulleres de cada barrio ou parroquia, a coordinación dos recursos humanos e materiais deste programa e o fomento da participación das mulleres na actividade e na asociación.*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. – OBXECTO**

*O obxecto deste convenio é:*

*1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.*



2º.- Organizar o obradoiro permanente de formación para mulleres “Expresión vital e formación teatral”, cun mínimo de cen horas de clases, no que participarán un mínimo de vinte alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

#### SEGUNDA. – COMPROMISO DA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA

O apoio do “Punto Informa” implica que se destine a este fin unha oficina permanente da Asociación de mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ó perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

A todas as mulleres que acudan ó punto informa durante a vixencia do convenio, se lles informará da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Casa de Acollida para mulleres maltratadas, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres contra os Malos Tratos”.

Durante a vixencia do presente convenio, a asociación de mulleres Dorna terá a obriga de presentar ante á Concellería da Muller un informe trimestral no que deberá incluír o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base ós criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería da Muller, e pola coordinadora do plan municipal para combater a violencia contra as mulleres, quen supervisará o bó funcionamento do servizo.

Con respecto ó programa “Obradoiro de expresión vital e formación teatral”, a Asociación de Mulleres Dorna, atellará un mínimo de tres espectáculos , dos que se fará a estrea nun local que arbitrará o Concello, sen prexuízo de que se desenvolvan as representación dos mesmos que se considere de interese, así como a formación de dez clases maxistras de profesionais convidadas/os, nas que participarán un mínimo de vinte alumnas matriculadas pola propia entidade, mediante convocatoria pública ó seu cargo. Durante o ano terán prioridade as mulleres vítimas de violencia derivadas polo CMIDM ou a Casa de Acollida.

A Asociación de mulleres Dorna , comprométese a velar polo cumprimento do acordado mediante este convenio de colaboración.

#### TERCEIRA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo aportará 18.390.- euros (dezaoto mil trescentos noventa euros) en concepto de axuda para o apoio e ó mantemento destes servizos. Inclúirá tanto os consumos, e local, como o abono de salarios e os gastos de formación e de desprazamento da profesional. Estes gastos deberán ser xustificados trimestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira de 9.000,00.- euros, coa firma do presente convenio,
- b) A segunda de 7.000,00.- euros, no mes de xuño de 2005, coa entrega do informe da memoria semestral do servizo, e

c) A terceira de 2.390,00.- euros, no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual do servizo e xustificantes de gasto.

O compromiso municipal coa “Asociación de mulleres Dorna” condiciónase a que no presuposto municipal para o ano 2005 se consigne o crédito correspondente.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa: a guía de recursos e os protocolos da intervención.

#### CUARTA. – COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Muller estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta da asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica do Departamento da Muller.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller
- A coordinadora do “2º Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007”.

#### QUINTA. – VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio ten vixencia durante o 2005, dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o día 31 de decembro de 2005. Neste período deberán estar rematados todos os trámites a él referidos.

Poderá ser denunciado por calquera das partes e ser prorrogado previo acordo expreso das partes.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes.

#### SEXTA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade deste servizo deberase realizar en galego e por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo coa lenda Concellería da Muller, e a Asociación de Mulleres Dorna en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice. O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas ou publicidade.

#### SÉTIMA. – AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “ II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” e os “ Plans de Igualdade de oportunidades e de trato para as mulleres de Vigo” a Asociación de mulleres Dorna axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

#### OITAVA. – CONFIDENCIALIDADE

Para garantir o dereito á confidencialidade das usuarias do punto informa usaranse as claves que convirían en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.

#### NOVENA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

*O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.*

**DÉCIMA. - INTERPRETACIÓN DO CONVENIO**

*A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo, logo de escoitar á comisión de seguemento do mesmo.*

**UNDÉCIMA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONS**

*A Asociación de Mulleres Dorna declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe do prezo deste convenio.*

**16(277).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO PARA O MANTEMENTO “PUNTO INFORMA” E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER NO ANO 2005. EXPTE. 1976/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.02.05, o documento contable RC acreditativo de existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 16.02.05, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Asociación de Mulleres Dorna e a Concellería da Muller do Concello de Vigo para o mantemento dun “*Punto Informa*” e a realización do programa “*Obradoiro de expresión vital e formación teatral*”

2º. Autorizar á Concellera de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 18390.- euros, con cargo á partida 463.2.227.06.08 do presuposto vixente.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*En Vigo, na casa do Concello, o día        de                    de dous mil cinco,*

**R E Ú N E S E:**

*Dunha parte, D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez, Concellera de Promoción Económica e Desenvolvemento Local- Muller do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.*

*Doutra D<sup>a</sup> Aurita González González, con DNI nº 35.918.270, en representación da Asociación de Mulleres “Dorna”.*

*As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para subscribir o seguinte*

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DO PROGRAMA OBRADOIRO DE EXPRESIÓN VITAL E FORMACIÓN TEATRAL”.*

*de acordo cos seguintes*

#### **ANTECEDENTES**

*A lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 25, 26 e 28 confiren as administracións locais competencias no eido de Muller.*

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 22 de novembro de 2004 aprobou o “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007”.*

*Este Plan trata de poñer en funcionamento unha serie de servizos e recursos, coa finalidade de proporcionar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia. A filosofía que subxace neste II Plan e a de incrementar a calidade e a atención mediante a posta en marcha de distintas medidas tendentes a proporcionar un maior apoio á vítima desde unha perspectiva non só inmediata senón a medio e longo prazo, coa finalidade de adquirir unha maior autonomía e autosuficiencia reducindo na medida do posible dependencias económicas e psíquicas, no colectivo de referencia.*

*En concreto na área de “Seguimento e Apoio económico a vítima”, o obxectivo 3, insta ó Concello a facilitar a socialización das mulleres vítimas de violencia de xénero colaborando co movemento asociativo no desenvolvemento de actividades que rompan co illamento das mulleres vítimas de violencia, mediante a participación informal en actividades de ocio e tempo libre, e a potenciación da participación asociativa nas súas diferentes formas.*

*Co obxecto de conquistar ese fin valórase positivo colaborar no proxecto presentando ao Departamento de Muller pola Asociación de Mulleres Dorna, a máis veterana da cidade de “Expresión vital e formación teatral”, como un elemento integrador e de reforzamento para romper o illamento social que, non poucas veces sofren as vítimas de violencia de xénero.*

*Por outra banda, o Punto de Información no barrio de Coia para mulleres vítimas de violencia de xénero, creado pola Asociación Dorna en colaboración co Concello de Vigo no ano 2001 contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos, cumprindo así un dos obxectivos do “II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004.2007”:*

*Obxectivo nº 2: “Potencia a descentralización dos servizos e recursos da Administración Local para facilitar a detección e denuncia da violencia”. (“Área de Coordinación”)*

*Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.*

*Obxectivo nº 2 “Sensibilizar e informar a poboación en xeral sobre o fenómeno de violencia de xénero” (Área de información e sensibilización social).*

*O Concello de Vigo obrígase a apoiar o mantemento do “Punto Informa” e a realización deste obradoiro permanente de formación teatral, dirixido ás mulleres, e comprométese a aboar as contías precisas para a realización de ambos programas.*

*O carácter da intervención fai máis efectiva e máis conveniente para os intereses municipais a firma dun convenio de colaboración coas actuantes, para realizar as actividades dirixidas ás mulleres que configuran estes programas, xa que o Concello non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as actividades por si só, nin é aconsellable a ampliación de medios que esixiría, dado o carácter puntual e especializado das intervencións que abrangue.*

*No convenio proposto prodúcese unha compensación entre as prestacións e as contraprestacións que sinalan, que consisten básicamente na cesión de locais e equipamentos para a realización do programa e a aportación dos labores de organización e convocatoria do alumnado ou usuarias dos programas entre as mulleres de cada barrio ou parroquia, a coordinación dos recursos humanos e materiais deste programa e o fomento da participación das mulleres na actividade e na asociación.*

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. – OBXECTO

*O obxecto deste convenio é:*

*1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.*

*2º.- Organizar o obradoiro permanente de formación para mulleres “Expresión vital e formación teatral”, cun mínimo de cen horas de clases, no que participarán un mínimo de vinte alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.*

### SEGUNDA. – COMPROMISO DA ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA

*O apoio do “Punto Informa” implica que se destine a este fin unha oficina permanente da Asociación de mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.*

*Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ó perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*A todas as mulleres que acudan ó punto informa durante a vixencia do convenio, se lles informará da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Casa de Acollida para mulleres maltratadas, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres contra os Malos Tratos”.*

*Durante a vixencia do presente convenio, a asociación de mulleres Dorna terá a obriga de presentar ante á Concellería da Muller un informe trimestral no que deberá incluír o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base ós criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería da Muller, e pola coordinadora do plan municipal para combater a violencia contra as mulleres, quen supervisará o bó funcionamento do servizo.*

Con respecto ó programa “Obradoiro de expresión vital e formación teatral”, a Asociación de Mulleres Dorna, atellará un mínimo de tres espectáculos , dos que se fará a estrea nun local que arbitrará o Concello, sen prexuízo de que se desenvolvan as representación dos mesmos que se considere de interese, así como a formación de dez clases maxistras de profesionais convidadas/os, nas que participarán un mínimo de vinte alumnas matriculadas pola propia entidade, mediante convocatoria pública ó seu cargo. Durante o ano terán prioridade as mulleres vítimas de violencia derivadas polo CMIDM ou a Casa de Acollida.

A Asociación de mulleres Dorna , comprométese a velar polo cumprimento do acordado mediante este convenio de colaboración.

#### TERCEIRA. – COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo aportará 18.390.- euros (dezaioito mil trescentos noventa euros) en concepto de axuda para o apoio e ó mantemento destes servizos. Incluirá tanto os consumos, e local, como o abono de salarios e os gastos de formación e de desprazamento da profesional. Estes gastos deberán ser xustificados trimestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- d) A primeira de 9.000,00.- euros, coa firma do presente convenio,
- e) A segunda de 7.000,00.- euros, no mes de xuño de 2005, coa entrega do informe da memoria semestral do servizo, e
- f) A terceira de 2.390,00.- euros, no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual do servizo e xustificantes de gasto.

O compromiso municipal coa “Asociación de mulleres Dorna” condiciónase a que no presuposto municipal para o ano 2005 se consigne o crédito correspondente.

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa: a guía de recursos e os protocolos da intervención.

#### CUARTA. – COMISIÓN DE SEGUEMENTO

Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Muller estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta da asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica do Departamento da Muller.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller
- A coordinadora do “2º Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007”.

#### QUINTA. – VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio ten vixencia durante o 2005, dende o día da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o día 31 de decembro de 2005. Neste período deberán estar rematados todos os trámites a él referidos.

Poderá ser denunciado por calquera das partes e ser prorrogado previo acordo expreso das partes.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes.

#### SEXTA. – PUBLICIDADE

*Toda a publicidade deste servicio deberase realizar en galego e por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo coa lenda Concellería da Muller, e a Asociación de Mulleres Dorna en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice. O Concello de Vigo incluírá este servicio entre os especializados en muller que difunda mediante campañas ou publicidade.*

#### **SÉTIMA. – AVALIACIÓN**

*Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “ II Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” e os “ Plans de Igualdade de oportunidades e de trato para as mulleres de Vigo” a Asociación de mulleres Dorna axustarase ás medicións de ítems e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.*

*De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental que obre no “Punto Informa” e teña interese para a avaliación e xestión municipal.*

#### **OITAVA. – CONFIDENCIALIDADE**

*Para garantir o dereito á confidencialidade das usuarias do punto informa usaranse as claves que convirían en anónimos os datos, e fixaranse limitacións de acceso ás mesmas e incluírase unha cláusula de confidencialidade no persoal que se contrate a este fin.*

#### **NOVENA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO**

*O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.*

#### **DÉCIMA. - INTERPRETACIÓN DO CONVENIO**

*A interpretación do presente convenio é competencia do Concello de Vigo, logo de escoitar á comisión de seguemento do mesmo.*

#### **UNDÉCIMA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONS**

*A Asociación de Mulleres Dorna declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe do prezo deste convenio.*

### **17(278).- PRÉSTAMO DE OBRAS AO MARCO PARA A EXPOSICIÓN DIÁSPORAS QUE SE REALIZARÁ ENTRE O 20 DE MAIO E O 11 DE SETEMBRO DE 2005. EXPTE. 1294/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director do Museo municipal “Quiñones de León”, conformado polo Concelleiro da Area de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ó MARCO, das obras de Souto, Díaz Pardo e Colmeiro; asignadas ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, cos nº s inv. 174, 373, 390; e 206 previa a súa restauración conforme proposta técnica do MARCO conformada polo museo; para a exposición “DIASPORAS”, a celebrar nesa dependencia entre o 20 de maio e 11 de setembro de 2005, e conforme

coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

O préstamo das obras para a súa itinerancia, dentro da exposición, cara á FUNDACIÓN LUÍS SEOANE de A Coruña, deberá solicitarse separadamente cun mínimo de tres meses de antelación respecto do comezo da itinerancia para a súa valoración polo museo”.

**18(279).- AUTORIZACIÓN PARA O DEPÓSITO TEMPORAL DE PEZAS E FERRAMENTAS ANTIGAS DE CARPINTERÍA NO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL PARA A SÚA EXHIBICIÓN, INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN. EXPTE. 2720/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 25.02.05, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES: O pasado ano 2004, tivo lugar o depósito temporal dunha colección de pezas e ferramentas antigas da carpintería por parte do seu propietario nas dependencias do Centro de Artesanía Tradicional (en adiante CAT), para que, por parte dos técnicos do centro, se fixera un estudio previo das pezas por se resultaran de interese para o Concello o seu depósito e destinala, en tanto esta administración fora a súa depositaria, a actividades de exhibición, investigación difusión e fins divulgativos.*

*Unha vez asinado un acordo entre o propietario e os técnicos do CAT, en virtude do que aquél depositaría a colección para estudio e valoración, se procede a examinalas pezas, e, segundo o informe emitido pola técnica do CAT, trátase dunha colección de gran interese por tratarse dun oficio -o de carpinteiro- que encaxaría cos contidos deste centro, xa que un dos seus principais obxectivos é a recuperación e dinamización dos oficios tradicionais. Tamén se informa do estado de conservación das pezas que compoñen a colección, estando só algunhas necesitadas dun tratamento de conservación preventiva.*

*Así pois, unha vez obtidos os resultados daquel estudio, e feita unha valoración económica estimativa de cada unha das pezas que compoñen da colección (valoración efectuada polos técnicos do CAT e que se incorpora ó expediente de referencia), preténdese agora facer firme o depósito da colección nas dependencias do Centro de Artesanía Tradicional, servizo adscrito a esta Concellería, e, consecuentemente, asinar un contrato de depósito co propietario que permita desenvolver as actividades de exhibición, investigación e divulgación do conxunto das pezas e ferramentas antigas de carpinteiro.*

*Por todo o que este Servizo de Patrimonio Histórico fai a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:*

*1º.- Autorizar o depósito temporal da colección de pezas e ferramentas antigas de carpintería, por parte do seu propietario, D. José Luis Mallo Pena, nas dependencias do Centro de Artesanía Tradicional, servizo adscrito a esta Concellería, nas condicións que se determinen contractualmente.*

*2º.- Aprobar o contrato de depósito a asinar entre o propietario das pezas, D. José Luis Mallo Pena e o Concello de Vigo, que se achega con esta proposta.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**19(280).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 2.370 € A FAVOR DE FORSAI S.L. POLA LIMPEZA DA MURALLA DO CASTELO DE SAN SEBASTIÁN. EXPTE. 2694/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 7.03.05, e de acordo co informe proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 19.01.05, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 2.370,00 euros a favor da empresa "FORSAI, S.L." (CIF B-36849198) pola limpeza da muralla do Castelo de San Sebastián, conforme á súa factura nº 35/04, do 13/08/2004, presentada no Rexistro Xeral na data do 23/08/2004 (nº doc. 40087045 e expte. 2538-307).

2º.- Imputalo á partida 4531.2120001 MANTEMENTO EDIFICACIÓNS E EQUIPAMENTOS dos orzamentos municipais do 2005.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

**20(281).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 28.02.05 RELATIVA Á ADSCRICIÓN PROVISIONAL DA TÉCNICA DE ADMÓN. XERAL DNA.DOLORES ESPIÑO COLLAZO AO POSTO DE XEFA DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR. EXPTE. 15645/220.**

Dáse conta do decreto da Alcaldía de data 28.02.05, de adscrición provisional ao posto de Xefe de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Considerando a recente xubilación do titular da Xefatura de area de réxime interior, Sr. Rodríguez Calvo, o pasado día 25 de febreiro de 2005, resulta preciso, por razóns eminentemente organizativas e funcionais, proceder á inmediata cobertura do devandito posto de traballo con funcionario de carreira desta administración encadrado na escala técnica de administración xeral.*

*Tendo en conta carácter discrecional que reviste o cese e nomeamento no devandito posto de traballo, previsto na súa forma de provisión polo procedemento de libre designación - artigo 58 do RD 364795, de 10 de marzo - e sen prexuízo da súa cobertura definitiva, entendese necesario proceder á adscrición provisional dun funcionario/a municipal para garanti-la debida continuidade no desempeño das funcións do referido posto.*

*Vistas as competencias que a vixente lexislación de réxime local lle confiren á Alcaldía Presidencia ( artigo 124.1 da lei 57/2003 de Medidas para a Modernización do Goberno local, 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo , de réxime local de Galicia, e 6 do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998 )*

Vistos os artigos 20.1.da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, así como ó diposto nos artigos 58.2, 36.3 e 63 do RD 364/95, de 10 de marzo, que permite a adscripción provisional a postos de traballo desta natureza

**RESOLVO :**

*Primeiro*

Adscribir provisoriamente á Técnica de administración xeral Sra. D<sup>a</sup>. Maria Dolores Espiño Collazo ( N<sup>o</sup>. persoal 18.550 ), ao posto n<sup>o</sup>. 8. - Xefe de area de area de réxime interior - previsto na súa forma de cobertura por Libre Designación, cesando en consecuencia no posto de traballo n<sup>o</sup>. 15, de Xefe de intervención urbanística, ao que actualmente se atopa provisionalmente adscrita .

*Segundo:*

Dése traslado desta resolución ós interesados, ós Concelleiros das áreas afectadas, á Unidade de persoal, á Intervención municipal, así como ao Comité de persoal.

*Terceiro :*

Os interesados poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta Resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente as correspondentes alegacións, ou de seren presentadas, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes á súa presentación, poderán entenderse desestimadas, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta Resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a Alcaldía Presidencia no prazo dun mes, a contar dende ó día que alcance firmeza, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da devandita resolución.

**21(282).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4.03.05 RELATIVA Á GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2005. EXPTE. 15642/220.**

Dáse conta do decreto da Alcaldía de data 04.03.05, sobre o asunto de referencia, polo que a Excma. Alcaldesa resolve o seguinte:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de

*Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de FEBREIR-2005, e que ascenden a un total de 31.443,47 €, (TRINTA E UN MIL CATROCENTAS COARENTA E TRES EUROS CON COARENTA E SETE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupuestaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

#### **22(283).- SOLICITUDE DE DNA. ARÁNZAZU GONZÁLEZ SOENGAS, TÉCNICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, DE ASISTENCIA AO CURSO “SÍNDROME DO EDIFICIO ENFERMO” EN BARCELONA. EXPTE. 15622/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informes da Unidade de Persoal, o documento contable RC acreditativo da existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón, e de acordo coa proposta da técnica de prevención de Riscos Laborais, do 7.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Da. Aránzazu González Soengas, técnica de prevención de Riscos Laborais, a asistir os días 4, 5, 6, 7 e 8 de abril de 2005 ao curso “Síndrome do Edificio Enfermo”, impartido polo Centro Nacional de Condicións de traballo de Barcelona.

#### **23(284).- EXECUCIÓN DA SENTENZA FIRME DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 QUE DECLARA DESPIDO IMPROCEDENTE O RELEVO DO EMPREGADO MUNICIPAL SR. D. FELIPE DOMÍNGUEZ NOVOA COMO PORTEIRO VIXIANTE DO COLEXIO MUNICIPAL EMILIA PARDO BAZÁN, ACORDADO POLA C.GOVERNO O 28.01.02. EXPTE. 15646/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 7.03.05, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Con data 11 de outubro de 2004, o xulgado do social nº. 1 de Vigo dictou sentenza pola que se declarou despido improcedente a resolución da Comisión de goberno de 28 de xaneiro de 2002, na que se acordaba o relevo do empregado municipal Sr. D. Felipe Domínguez Novoa como porteiro vixiante do Colexio municipal Emilia Pardo Bazán – Chouzo, así coma o desaloxo da vivenda sita no mesmo centro escolar que viña disfrutando como contrapartida ás funcións que realizaba o traballador, ofrendose na referida sentancia ao Concello a opción de readmisión do empregado ou ben o aboamento dunha indemnización substitutiva, calculada en función dunha cantidade fixa de 545,91 euros máis o montante dos salarios de tramitación calculados sobre a base de 0,84 euros diarios dende a data de despido ( 28 de xaneiro de 2002 ) ata a data de comunicación da sentenza ( 25.10.04 ) – dous anos, oito meses e vinteseite días, esto é, novecentos noventa e sete días - .*

*Con data 27 de outubro de 2004, a Alcaldía Presidencia a proposta do Concelleiro delegado de Educación resolveu optar perante o Xulgado nº. 1 de Vigo pola indemnización substitutiva .*

*Confirmada a Sentencia do xulgado do social nº 1 de Vigo anteriormente referida sengundo Sentencia do TSXG de 25 de xaneiro de 2005, procede executar a indemnización xudicial indicada, que ascendería a un total de 1.383,4€.*

*Por todo o exposto, sométese a consideración da Xunta de goberno local a seguinte proposta :*

*Aboar ao empregado municipal Sr. D. Felipe Domínguez Novoa en concepto indemnizatorio a cantidade de 1.383,4 euros por despido improcedente ( 545,91 € de indemnización e 837,48 en concepto de salarios de tramitación segundo a ratio de 0,84 euros /día ), en execución da sentenxcia do xulgado do social nº. 1 de Vigo de 11 de outubro de 2004, con cargo á partida “ indemnizacións sentencias xudiciais (12101410000 )*

*Dese conta da presente resolución ás Unidades de Patrimonio e Educación aos efectos oportunos .*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(285).- CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE VIGO DE TERREO PARA ENSANCHE E MELLORA NA RÚA BAIXADA AO VAO-1ª FASE. EXPTE. 43642/250.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe proposta do técnico de Admon. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 15.02.05, que di o seguinte:

1º.- *Con data do 21 de xaneiro de 2005, D. Marcial Lago Martinez, solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos a superficie da súa propiedade, situada na Rúa Baixada o Bao (1ª fase), na parroquia de Coruxo cedida para o ensanche e mellora da estrada..*

*A dita parcela perténcelle a D. Marcial Lago Martinez. Aporta escritura de propiedade de segregación e compra e autorizado polo Notario do Ilustre Colegio da Coruña, D. Luis Solano Aza o 1 de Marzo do ano 1973, co número 778 do seu protocolo.*

2º.- *Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela en solo urbano regulada pola Ordenanza 1.3.A de vivenda unifamiliar de alta densidade, no núcleo 08 12 CARBALLAL C..*

3º.- *Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por D Marcial Lago Martinez, informando, en data do 7 de febreiro de 2005, é o seguinte:*

*Superficie total de cesión = 60.00 m<sup>2</sup>*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerase a efectos de parcela mínima.*

*Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 60,00 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.*

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

*Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Marcial Lago Martinez da porción de parcela de 60,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora da rúa Baixada o Bao-1ª fase.*

*Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licencia resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.*

*Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.*

*Cuarto.- Notifíquese este acordo á interesada, coa advertencia de que contra este acordo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de Bens municipais.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(286).- LICENZA DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS A NEMOMANÍA S.L. EXPTES. 49483/421 E 27190/422.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións, do 9.03.05, en relación coa licenza de actividades e instalacións a D. Fabian Torres Figueroa (Nemomanía S.L.), que di o seguinte:

#### *I.- Antecedentes*

*Con data do 12/12/03, don Fabián Torres Figueroa en nome e representación da sociedade mercantil NEMONIA, S.L., solicitou licenza municipal de ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS para un CAFE BAR CON MUSICA no local situado en AREAL(RUA) Nº 20, BAIXO, VIGO, (expte. 27190/422).*

*Posteriormente, 01/03/04, a peticionaria solicitou tamén a correspondente licenza de obras de reforma de local para a actividade (expte. 49483/421). Ditos procedementos tramítanse simultaneamente de conformidade co previsto no artigo 196º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia en relación co artigo 22.3. do Regulamento de servizos das corporacións locais e Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D: 2414/1961, de 30 de novembro) – en adiante RAMINP-.*

Examinados os procedementos de licenzas de obras e actividades e instalacións e informes técnicos obrantes nestes resulta que:

a) No dito establecemento consta unha licenza de actividade para restaurante sen música concedida por resolución de data 26/06/2003 a favor da entidade Frades Arenal, S.L. –expte. 18487/422- e transmitida á peticionaria da licenza por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/12/2004 (expte. 28567/422).

b) O expediente para a actividade de café bar con música someteuse a información pública por termo de VINTE DIAS mediante a inserción de edicto no BOP núm. 73, do luns 19/04/2004, con notificación persoal aos veciños inmediatas segundo informe emitido pola Policía Local presentándose escritos de alegacións opoñéndose á concesión das licenzas polos motivos que consta nestes e que de modo sucinto se indican:

- Feliciano Pérez Lama (doc. 40037429/04), oponse a concesión da licenza para bar con música xa que se trata de edificacións antigas que non teñen o illamento preciso polo que sería imposible descansar nas vivendas.

- Rafael Fernández Charro como secretario administrador da Cdad. de Propietarios da rúa Areal 20, opónse a concesión das licenzas polas molestias que os ruidos que dito local pode causar afectando a vida diaria das familias residentes.

- María José Tomé Rey (doc. 40039231/04), oponse a concesión das licenzas para bar con música polos mesmos motivos de emisión de ruidos, funcionar ata altas horas da madrugada coa conseguinte imposibilidade de descansar nas vivendas.

- Germán Arteta Torres, que reside na 2ª planta da rúa Areal 20, (doc. 40042943/04), oponse á concesión da licenza pola emisión de ruidos. Indica tamén que a edificación ten vigas de madeira e que de conformidade coa Ordenanza municipal "nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira, e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente encima do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican o funcionamento dentro do horario nocturno que se especifica na mencionada táboa 4 do manual de procedementos, excepto os bares, cafeterías, restaurantes ou semellantes que non contén con equipo de reprodución sonora".

As alegacións presentadas foron incorporadas ao expediente conforme co previsto no artigo 30.b) do RAMINP para que foran tidas en conta ao evacuar os correspondentes informes técnicos.

c) Con data do 27/07/2004, a arquitecta municipal informou nos termos que consta no expediente e que de modo sucinto se indican:

Solicítase licenza de legalización da actividade de café bar con música e de obras de adaptación para dita actividade no local situado na planta baixa do edificio núm. 20 da rúa Areal.

O edificio non catalogado inclúese no cuarteirón 13 do ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificacións, conxuntos e elementos a conservar –PEEC I-12 , aprobado definitivamente o 25/10/1990, en solo urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada área central.

De acordo co establecido nos epígrafes 8.3.i) "Normas xerais de usos" e 8.4.1.f) das normas urbanísticas sobre "Condicións de uso da ordenanza 1.1.B.", a actividade solicitada inclúese entre os usos permitidos pola dita ordenanza, en locais pechados ata unha superficie de 250 m<sup>2</sup>, sendo permisibles as obras de adaptación proxectadas para o dito uso.

A actividade será permisible sempre que as obras se axuste ao proxecto presentado.

Na memoria constructiva do proxecto visado o 19/07/04 indícase que o falso teito "...anclado a estrutura protante primaria realizada con forxado catalán de argamasa con vigas portantes de madeira de castiñeiro, modificándose previa a esta legalización..." do que se deduce que se trata un forxado mixto.

En relación ás medidas de seguridade propostas, non existe inconveniente en acceder ó solicitado.

O aforo máximo autorizado é de 88 persoas.-

A superficie do local é de 248,90 m<sup>2</sup>, dos que 56,97 m<sup>2</sup> corresponde á planta semisoto, 136,48 m<sup>2</sup> á planta baixa e 55,45 m<sup>2</sup> á entreplanta.

O orzamento de execución de obra, segundo proxecto, é de 49.451,73 euros.

Tal e como se indicana memoria construtiva do proxecto, a carpintería exterior de madeira da fachada adaptárase ao permitido no plan especial con pintura lacada de cor branca na súa cara exterior e adaptáranse a colocación do rótulos.

Con relación aos rótulos infórmase que estes non se axustan ao regulado no epígrafe 8.2.7 "publicidade e rótulos" das normas urbanísticas do PEEC e para a súa instalación deberá solicitar licenza de obras maiores específica, segundo se lle notificou ao interesado en datas 9 e 14/07/04 (os rótulos instalados en fachada deberán ser obxecto de licenza de obras maiores tramitada independentemente, xustificando o seu axuste ao referido apartado 8.2.7. – "Publicidad e Rótulos" das normas urbanísticas do PEEC).

d) Con datas do 27/08/04 (doc. 40088669/04) e 28/09/04 (doc. 40098543/04), Rafael Fernández Charro como Secretario Administrador da Cdad. de Propietarios da rúa Areal 20, presenta escritos indicando que:

"Non obstante a inspección de oficio dos servizos municipais, queremos resaltar que o local, na súa separación coa planta superior, está constituída dun forxado de madeira, e que a vivenda superior está adicada a vivenda, polo que non se pode autorizar a instalación da actividade de café bar con música, tal e como establece a Ordenanza municipal contra a contaminación acústica".

Asimesmo, achega acta notarial con copia de informe elaborado polo arquitecto técnico José Miguel Correa Pazos onde se especifica que o solo da primeira planta é de madeira polo que, solicita, que se fagan as inspeccións oportunas e se denegue a autorización da licenza de actividade.

e) O enxeñeiro técnico industrial con data do 17/11/2004, informou:

1. A actividade solicitada está incluída dentro dos usos permitidos pola ordenanza 1.1.B. de aplicación na zona de empraemento.

2. A instalación industrial que se proxecta reúne as condicións técnicas e regulamentarias precisas, xustificándose as medidas correctoras necesarias de acordo coa natureza da actividade a desenvolver.

3. A potencia total instalada en forza: A) para o desenvolvemento da actividade é de 5,83 CV en máquinas con motor e de 5,85 Kw. noutros receptores eléctricos; B) para servizos do local (climatización e ventilación) é de 9,31 CV en máquinas con motor e de ningún Kw. noutros receptores eléctricos.

4. Xustifícanse illamentos suficientes para cumprir cos límites de transmisión de ruidos permitidos pola ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións (OMRV).

En canto á natureza do forxado de separación coa vivenda superior ratificámonos ao informado ao respecto no informe da arquitecta municipal de data 27/07/04, no sentido de que se trata dun forxado mixto de argamasa con vigas portantes de madeira. Así mesmo, en anexo ao proxecto de obras do local sobre cumprimento do artigo 15.3 da OMRV, de data de visado 30/07/04 e firmado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, vólvese a indicar sobre o anteriormente indicado. Non obstante, en data 23/09/04, a comunidade de propietarios do edificio presenta un acta notarial con informe pericial no que se pon en cuestión a composición de dito forxado.

Antes da posta en marcha da actividade, presentaranse medicións sonométricas acreditativas do illamento acústico acadado no local, de acordo co disposto ao respecto no Manual de Procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos, para a súa valoración utilizará o nivel global de illamento acústico estandarizado con ponderación A (Dnta), que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas.

f) Con data do 1/12/2004 (doc. 40122581/04), Miguel Rocafort Lorenzo en nome e representación de dona María Trinidad Rivero López Niño con domicilio en rúa Areal, 20, 2º piso, persoase no expediente como interesada e

solicita examinalo expediente e realizar as copias correspondentes. Ponse a súa disposición o exame do expediente e remítenselle fotocopias.

g) Con data do 3/12/04 (doc. 40123775/04), Rafael Fernández Charro como secretario administrador da Cadad. de Propietarios da rúa Areal 20, achega novo informe do arquitecto técnico d. José Miguel Correa Pazos, que complementa e amplía o anterior remitido.

h) Con data do 3/01/2005 (doc. 50000321/05), don Fabian Torres Figuera achega acta notarial sobre calicata realizada que incorpora informe do arquitecto, Alberto Cameselle Lago, sobre a existencia de placa de formigón armado.

i) Tras requerimento da Xerencia de data 20/01/2005, para verificar a natureza da placa de formigón existente e de que se achegue a documentación técnica das distintas capas existentes na separación entre o local e a vivenda superior, de acordo cos resultados das catas realizadas desde o local e desde a vivenda o petionario achega documentación en data do 11/02/05 a cal foi informada polo enxeñeiro técnico industrial con data do 14/02/05 nos seguintes termos:

"En data 3/01/05, Fabian Torres Figuerora aporta acta notarial que inclúe informe do arquitecto D. Alberto Cameselle Lago sobre cata realizada desde o local no teito do mesmo, esta realizase retirando soamente o falso teito acústico e deixando ao descuberto o forxado do local. Ao obxecto de poder determinar sin ningún xenero de duda a verdadeira natureza do forxado existente entre o local e a vivenda superior, procedeuse a efectuar unha nova cata no local, profundizando no interior da placa, aportando o arquitecto D. Alberto Cameselle Lago novo certificado onde se pon de manifesto que se trata dun forxado de viguetas e bovedillas de formigón de 10 cm de canto. Extremo que se puido comprobar na visita realizada ao local polo técnico que subscribe.

Asimesmo, en data 11/02/05, apórtase documentación reformada do proxecto de obras de acondicionamento do local tendo en contra os resultados da cata realizada que inclúe o estudo xustificativo do illamento acústico.

Xustifícase o cumprimento da Ordenanza Municipal sobre Ruidos e Vibracións.

Unha vez rematadas as obras e antes da posta en marcha da actividade, presentaranse medicións sonométricas acreditativas do illamento acústico acadado no local, de acordo co disposto ao respecto no Manual de procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos. Para a súa valroación utilizarase o nivel global de illamento acústico estandarizado con poderación A (Dnta), que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ao patio posterior ".

j) A inspectora do Laboratorio Municipal, en data 15/02/2005, emite informe favorable desde o punto de vista hixiénico sanitario. Non obstante, a definitiva licenza de actividade queda condicionada á inspección qe se efectuará para dar cumprimento ao artigo 34 do RAMINP.

k) A petición de licenza de actividade foi informada favorablemente pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21/02/2005, e cualificada polo Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente en data 2/03/2005 como molesta, S.C.D.. A delegada Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, en data 7/03/2005, informou sen impoñer condicionantes a licenza de obras que o Concello outorgue.

## II. Dereito.-

As obras de adaptación e actividade solicitadas están suxeitas a licenza conforme ao establecido no artigo 194º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 10º do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e apartado 3.8.1 das normas Urbanísticas do PXOU



vixente, RD 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas (RXPEPAR) e RAMINP.

As presentes peticións de licenzas de obras e de actividade tramítanse conforme ao procedemento previsto no artigo 29 e seguintes do RAMINP en relación co RXPEPAR e Regulamento de disciplina urbanísticas de Galicia (D. 28/1999).

As alegacións, reclamacións e observacións presentadas foron incorporadas ó expediente conforme ó previsto no artigo 30.b) do dito regulamento para que foran tidas en conta ó evacuar os correspondentes informes técnicos.

As licenzas urbanistas –entre as que se inclúen a de obras e actividade- teñen por obxecto cumprir que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e que as obras e usos proxectos reunen as condicións precisas de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade –artigo 194.1. da LOUGA-. Ademais tratándose dunha actividade subxeita ao RAMINP que se cumpren coas condicións esixibles de protección ambiental.

Os técnicos municipais emiten informes favorables ás peticións de licenzas solicitadas nos termos expresados, o local cumpre coa normativa urbanística, de seguridade, salubridade, accesibilidade e acústica esixible.

O local emprázase en solo urbano do PXOU –93 vixente, cualificado coa Ordenanza 1.1.B. do ámbito do PEEC, onde se permite o uso de "lugares de reunión" no que se encadra a actividade solicitada ata 250 m2 e o local proxectado para a actividade é de 248,90 m2 de superficie construída, polo que axústase ao ordenamento urbanístico.

Cumprase coas medidas de seguridade esixibles –informe técnico de data 27/07/04-, salubridade –informe do Laboratorio Municipal de data 15/02/05- e de protección contra a contaminación acústica coa adopción das correspondentes medidas correctoras segundo informa o enxeñeiro técnico industrial en datas 17/11/04 e 14/02/05.

Respecto das alegacións presentadas –forxado de madeira- cómpre sinalar que conforme ao artigo 15.3. da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, aprobada polo Concello-Pleno en sesión do 28/07/00 –BOP de Pontevedra 198, do luns 16/10/00- NON PERMITE a actividade solicitada en locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente encima do local sexa o residencial ou vivenda.

Neste sentido cómpre sinalar que, sen prexuízo de que puidera existir un forxado de madeira, segundo se desprende do informe do enxeñeiro técnico municipal de data 14/02/05 e documentación obrante no expediente, cando menos tamén existe un FORXADO DE FORMIGÓN extremo que foi comprobado polo dito enxeñeiro técnico municipal segundo se indica no mencionado informe que textualmente dí:

"(..).Al objeto de poder determinar sin ningún género de duda la verdadera naturaleza del forjado existente entre el local y la vivienda superior, se ha procedido a efectuar nueva cata en el local, profundizando en el interior de la placa, aportando el arquitecto D. Alberto Cameselle Lago nuevo certificado donde se pone de manifiesto que se trata dun forjado de viguetas y bovedillas de hormigón de 10 cm de canto. Extremo que se ha podido comprobar en visita realizada al local por el técnico que suscribe.

(..)"

Polo exposto, coa existencia do mencionado forxado de formigón como se comprobou polo técnico municipal, a luz do que suscribe, non estariamos no suposto de non permisibilidade para a actividade solicitada.

Ademáis, segundo informes emitidos xustificase o cumprimento da dita ordenanza municipal sobre ruidos e vibracións de forma que non trasncederán as vivendas niveis superiores aos permitidos pola dita ordenanza e o expediente foi sometido ao trámite de cualificación da actividade aos efectos de avalicación de incidencia ambiental ante o órgano autonómico correspondente de conformidade co previsto no artigo 31 e seguintes do RAMINP, artigo 4.3. da Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústida en relación coa Lei 1/1997, de 2 de xaneiro, de protección ambiental en Galicia.

A este respecto, NON SE permitirá a posta en funcionamento da actividade de conformidade co previsto no artigo 4.5. da citada Lei 7/1997 en relación co D. 156/1995 de Inspección Ambiental (DOG 5/6/95), Ordenana municipal citada sobre ruído e vibracións aprobada polo Concello Pleno en sesión do 28/07/00 (BOP 16/10/00) ata tanto non se verifique o cumprimento da normativa de protección contra a contaminación acústica que se xustifica no proxecto aportando e conforme ás determinados do informado polo enxeñeiro técnico industrial en data 14/02/05:

"Unha vez rematadas as obras e antes da posta en marcha da actividade, presentará medicións sonométricas acreditativas do illamento acústico conseguido no local, de acordo co disposto ao respecto no Manuel de procedementos da vixente ordenanza municipal de ruidos. Para a súa valoración utilizarase o nivel global de illamento acústico estandarizado con poderación A (Dnta) que acadará como mínimo os 65 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ás vivendas, os 50 dB(A) con respecto ao exterior e os 55 dB(A) con respecto ao patio posterior."

A actividade de café bar con música (sen pista de baile) encádrase dentro do número identificativo –2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia.

Conforme ó artigo 195°.1. da LOUGA e concordantes do decreto autonómico 28/1999, do 21 de xaneiro, as licencias é un acto regrado que haberá de outorgarse –e no seu caso denegarse- de acordo coas previsións da lexislación e planeamento aplicables

En consecuencia, en vista dos informes técnicos favorables e os fundamentos feito e dereito que se recollen no presente informe, tendo en conta que o uso do solo proxectado se axusta ó ordenamento urbanístico e reúne as condicións esixibles de seguridade e salubridade, e protección contra a contaminación acústica, de conformidade co previsto nos artigos 195°.2. da Lei 9/2002 antes citada, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 5/01/2004, propónse a adopción da seguinte R E S O L U C I Ó N...

Conclúe o informe formulando a proposta contida na parte dispositiva deste acordo.

### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade do precedente informe-proposta, acorda:

PRIMEIRO (Expte. 49483/421).- AUTORIZAR a don Fabián Torres Figueroa en nome e representación da entidade NEMOMANIA, S.L., conforme ao proxecto de legalización adaptación presentado que inclúe estudio básico de seguridade e saúde redactado pola arquitecta, María Dolores Blanco Pouso, con data de visado colexial do 5/07/04, documentación reformada visada o 16/07/04, 15/11/04, 11/02/05, estudio do enxeñeiro técnico, Miguel Ángel Pereira, con data de visado colexial do 28/09/04 e 16/11/04, cun orzamento de execución segundo proxecto de 49.451,73 euros, e informes favorables obrantes no expediente 49483/421, OBRAS consistentes en:

"ADAPTACIÓN dun local dunha superficie total construída de 248,90 m<sup>2</sup>, dos que 56,97 m<sup>2</sup> correspondente a planta semisoto, 136,48 m<sup>2</sup> correspondente á planta baixa, 55,45 m<sup>2</sup> á entreplanta, situado na rúa AREAL, 20, VIGO, para adicar a PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE) actividade incluída no NÚM. IDENTIFICATIVO -2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia".

A actividade foi cualificada polo Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia o 2/03/2005, como MOLESTA, S.C.D., produción de ruidos.

A Delegado Provincial da Consellería de Xustiza Interior e Relacións Laborais, con data do 7/03/2005, informou sen impoñer condicionantes á licenza ao abeiro do artigo 38 do RD 2816/1982, de 27 de agosto. A edificación non está catalogada e inclúese no cuarteirón núm. 13 do ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar -PEEC -12 (A.D. o 25/10/90, BOP 17/01/91), en solo clasificado co urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada onde as obras e uso están permitidas. No ámbito do emprazamento o novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, permite o uso solicitado.

A carpintería exterior de madeira da fachada adaptarase ao permitido no plan especial con pintura lacada de cor branca na súa cara exterior tal como se indica na memoria constructiva do proxecto e adaptarase a colocación dos rotulos os cales serán obxecto de solicitude e licenza independente.

UNHA VEZ REMATADAS AS OBRAS E INSTALACIÓNS DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLOS TÉCNICOS DIRECTORES E VISADA POLO CORRESPONDENTE COLEXIO PROFESIONAL CONFORME ÉSTAS SE EXECUTARON DE ACORDO AO PROXECTO AUTORIZADO E LICENZA CONCEDIDA (ARTIGO 42 DO RD 2816/1982, DE 27 DE AGOSTO).

A licenza caducará se non comezaron as obras no prazo de seis meses e deberán de estar rematadas no prazo máximo de 30 meses; se non estivesen rematadas no dito prazo deberá de solicitar nova licenza para as obras que falten por executar, así mesmo a licenza caducará se estando iniciadas as obras estivesen interrompidas durante seis meses, conforme ó disposto nas normas urbanísticas do PXOU vixente.

En todo caso, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

É requisito indispensable en tódalas obras dispor, ó pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e nas maiores a colocación do cartel indicador, en lugar ben visible desde a vía pública, do nome e apelidos do/s propietario/s, facultativo/s, contratista e data de concesión desta licenza.

As obras autorizadas somente poderán ser realizadas pola empresa constructora que posúa o correspondente documento de calificación empresarial.

SEGUNDO (Expte. 27190/422).- AUTORIZAR a don Fabián Torres Figueroa en nome e representación da entidade NEMOMANIA, S.L., conforme ao proxecto de legalización e adaptación presentado redactado pola arquitecta, María Dolores Blanco Pouso, con data de visado colexial do 5/07/04, documentación reformada visada o 16/07/04, 15/11/2004, 11/02/05, estudio do enxeñeiro técnico, Miguel Ángel Pereira, con data de visado colexial do 28/09/04 e 16/11/04, e informes favorables obrantes no

expediente núm. 27190/422, licenza municipal de ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS para un PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE) actividade incluída no núm. identificativo -2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia, no local situado na RÚA AREAL, 20, BAIXO, VIGO.

NON PODERÁ EXERCE-LA ACTIVIDADE ATA QUE SE CUMPRAN TÓDAS LAS DETERMINACIÓNS DESTA LICENZA QUE SE ACREDITARÁ CO CORRESPONDENTE TÍTULO ASINADO POLA PRESIDENCIA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E QUE O HABILITARÁ PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE.

A superficie total construída e de 248,90 m<sup>2</sup>, dos que 56,97 m<sup>2</sup> correspondente a planta semisoto, 136,48 m<sup>2</sup> correspondente á planta baixa, 55,45 m<sup>2</sup> á entreplanta,

A edificación non está catalogada e inclúese no cuarteirón núm. 13 do ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar -PEEC -12 (A.D. o 25/10/90, BOP 17/01/91), en solo clasificado co urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada onde as obras e uso están permitidas. No ámbito do emprazamento o novo PXOM, aprobado inicialmente en data 30/12/04, permite o uso solicitado.

O aforo máximo autorizado para o local antes dito, é de 88 persoas, debendo reflectirse nunha placa á entrada, no interior do local en lugar ben visible, a devandita actividade e aforo máximo autorizado.

A potencia total solicitada en forza: A) para o desenvolvemento da actividade é de 5,83 CV en máquinas con motor e de 5,85 Kw noutros receptores eléctricos, B) para servizos do local (climatización e ventilación) en máquinas con motor é de 9,31 CV e noutros receptores eléctricos de ningún Kw.-

DEBERÁ CUMPRIR E STRICTAMENTE COA VIXENTE ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA PRODUCIDA POLA EMISIÓN DE RUIDOS E VIBRACIÓNS.

O DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA o día 2/03/2005, cualificou a actividade como: molesta S.C.D. produción de ruidos, e condicionouse a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

"a) Ó cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.

b) A que a ubicación sexa a sinalada no proxecto.

c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

d) A NON SUPERA-LOS 80 dB(A), NO INTERIOR DO LOCAL, QUE TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA. INSTALARÁ UN LIMITADOR, PRECINTADO POLO CONCELLO, AOS EQUIPOS SONOROS -TV E EQUIPO MUSICAL - PARA 75 dB(A)".

A presente licenza de actividades e instalacións queda condicionada ó cumprimento dos requisitos sinalados anteriormente a que as instalacións e obras se axusten ó proxecto presentado antes citados e as condicións da licenza de obra -expte. de obra 49483/421-, en especial, que o local cumpra en todo momento coas medidas de seguridade e de protección contra a contaminación acústica propostas e as demais condicións esixidas legalmente.

A actividade que se autorizada ten o carácter de permanente e corresponde a un establecemento de carácter fixo. A licenza caducará por inactividade no local por tempo superior a seis meses conforme ao establecido na lei e regulamentos de aplicación.

Unha vez rematadas as OBRAS e INSTALACIÓNS no local e antes da posta en marcha da actividade DEBERÁ PRESENTAR NO REXISTRO DA XERENCIA MEDICIÓNS SONOMÉTRICAS ACREDITATIVAS DO ILLAMENTO ACÚSTICO ACADADO NO LOCAL DE ACORDO CO DISPOSTO AÓ RESPECTO NO MANUAL DE PROCEDEMENTOS DA VIXENTE ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACION ACUSTICA PRODUCIDA POLA EMISIÓN DE RUIDOS E VIBRACIÓNS. PARA A SÚA VALORACIÓN UTILIZARASE O NIVEL GLOBAL DE ILLAMENTO ACÚSTICO ESTANDARIZADO CON PODERNACIÓN A (Dnta), QUE ACADARÁ COMO MÍNIMO O VALOR DE 65 Db(A) CON RESPECTO ÁS VIVENDAS, OS 50 DB(A) CON RESPECTO AO EXTERIOR E OS 55 DB(A) CON RESPECTO AO PATIO POSTERIOR. AS DITAS MEDICIÓNS DEBERÁN SER REALIZADAS POR EMPRESA HOMOLOGADA POLA XUNTA DE GALICIA PARA A SÚA REALIZACIÓN.

Tamén, unha vez rematadas as obras e instalacións no local que deberán realizarse baixo a dirección do técnico nomeado para o efecto, PORAO EN COÑECEMENTO E SOLICITARÁ AS CORRESPONDENTES VISITAS DE COMPROBACIÓN, por escrito, desta Xerencia Municipal de Urbanismo e acompañará CERTIFICACIÓN DO/S TÉCNICO/S DIRECTOR/ES na que se especificará que as obras e instalacións se axustan ó proxecto presentado e ós termos desta licenza e da licenza de obras que se autoriza –expte. 27190/422-, SEN QUE POIDA EXERCE-LA ACTIVIDADE ata que se cumpran as condicións sinaladas con anterioridade e se xiren as oportunas visitas de comprobación polos funcionarios técnicos competentes, (artigo 34 do Regulamento de actividades molestas insalubres, nocivas e perigosas do 30 de novembro de 1961 –D. 2414/1961- e Decreto autonómico 156/1995, de 3 de xuño, de Inspección ambiental), que se acreditará co correspondente título da licenza expedido pola Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O incumprimento das medidas correctoras impostas e das condicións desta licenza, en especial das condicións acústicas proxectadas, poderá dar lugar a súa revogación, de conformidade co previsto no artigo 4.6. da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e concordantes do RAMINP).

A licenza

DEBERÁ RESERVAR UN ESPACIO NO LOCAL PARA O COLECTOR DO LIXO.-

TERCEIRO.- INFORMAR aos interesados, alegantes, que contra esta resolución que é definitiva en vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

- a) POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o órgano que a dicta no prazo de un mes que comeza a contar a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.
- b) CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses que comeza a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notificar a resolución.

CUARTO.- Informar a don Fabián Torres Figuera en nome e representación da sociedade mercantil NEMOMANIA, S.L., repescto aos rótulos en fachada que deberán sen obxecto de licenza de obras maiores tramitada de forma independente, xustificando o seu axuste ao apartado 8.2.7- "Publicidade e Rótulos" das normas urbanísticas do PEEC.

QUINTO.- Informar da presente resolución ao departamento de Disciplina Urbanística: Infraccións para o seu coñecemento e para os efectos procedementes.

SEXTO.- Lembrar, tamén, a don Fabián Torres Figuera en nome e representación da sociedade mercantil NEMOMANIA, S.L., a obriga de efectua-lo pagamento do imposto municipal de construcións, instalacións e obras que deberá ingresar por autoliquidación no PRAZO DE UN MES a partir da recepción da notificación desta resolución, en calquera entidade bancaria, de acordo co apartado 6 da Ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.-

**26(287).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTO.**

Examinados os xustificantes remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
BERNARDEZ GIL SELA	0448579	6.000,00	3.580,17	2.419,83	
BOUZAS ALVAREZ ANTON	0424704	900,00	570,64	329,36	
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	0504489	185,00	185,00		
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	0502861	85.490,00	85.490,00		
“	0501238	39.301,00	36.236,21	3.064,79	
LAGO CARRERA ROCIO	0502939	401,00	389,44	11,56	
“	0502938	209,45	209,45		
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
MEIRIÑO FERNANDEZ ALICIA	0502430	130,60	127,00	3,60	
MENDEZ PAZ RICARDO ANDRES	0463848	216,12	216,12		
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	0501260	204,10	220,10		16,10
“	0501259	926,84	926,84		
“	0501265	73,32	73,32		
OJEA PEREZ IGNACIO	0503483	604,30	603,70	0,60	
ROCHA PARAMES CESAREO	0503482	300,00	323,09		23,09
TOTAL			129.151,08		

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **27(288).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A DIRECCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PRAZA DE COMPOSTELA E O SEU ENTORNO. EXPTE. 17192/240.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 31.01.05 aprobou o expediente de contratación, por concurso aberto, da asistencia técnica para a dirección das obras da urbanización da Praza de Compostela e o seu entorno.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local, con data 24.02.05, certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 28 e no BOP nº 31 de datas 10 e 15 de febreiro do presente ano respectivamente, presentaron ofertas a nome de 1) Iberica de Ingeniería y Control S.L. (IBINCO) e 2) Norcontrol.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.02.05 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do Área de Servizos Xerais, que foi emitido o 7.03.05 polo coordinador de dita Área facendo constar a “adxudicación das obras á empresa IBINCO...”

A Mesa de Contratación realizada o 14.03.05 formula a proposta de adxudicación que consta na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar é empresa IBINCO o contrato da asistencia técnica para a dirección de obras de Urbanización da Praza de Compostela e o seu entorno, por un prezo de adxudicación do contrato de 165.298 €, segundo os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexeron a cotnratación e a oferta rpresentada ao acadar a maior puntuación, -94,31 puntos- respecto á oferta presentada por Norcontrol – 76,86 puntos.

**28(289).-DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO DE 2004 E XANEIRO DE 2005. EXPTE. 15658/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 14.03.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Inteior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 72.521'56 € (SETENTA E DUAS MIL CINCOENTOS VINTEUN SETE EUROS CON CINCOENTAS E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes os meses de DECEMBRO-2004 e XANEIRO-2005.

**29(290).-PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FAMILIA DEPORTE E VOLUNTARIADO E O CONCELLO DE VIGO PARA A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUNHA GUARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL NA RÚA PALENCIA. EXPTE. 6593/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 3.03.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto e a subscrición do “Convenio de cooperación entre a Consellería de Familia, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a obra de construción dunha guardería infantil municipal na rúa Palencia do Calvario (Vigo).”

*CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA).*

*En Santiago de Compostela, de de 2005*

**REUNIDOS**

*Dunha parte a Excm. Sra. Pilar Rojo Noguera, actuando en representación da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en virtude do seu cargo de conselleira, para o que foi nomeada polo Decreto 18/2003, do 18 de xaneiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.*



*E doutra, D<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, actuando en representación do Concello de Vigo (Pontevedra), en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,*

### *EXPOÑEN*

*Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.*

*Que son áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servizos sociais, segundo o artigo 5.3b), da antedita lei, as dirixidas á familia, infancia e mocidade.*

*Que por outra banda, polo Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, establécese que corresponde á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado o exercicio das competencias e funcións en materia de política de servizos sociais de atención especializada nas areas de familia,*

*infancia e menores, muller, maiores e persoas con discapacidade así como en política de deportes, xuventude e voluntariado, sen prexuízo das competencias doutras consellerías nestas materias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.*

*Que os concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei de bases de réxime local xa citada, e no artigo 21 da Lei galega de servizos sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais.*

*Que a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local en Galicia, establece no seu artigo 198 que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a mais eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo a través dos mesmos coordinar a súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.*

*Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo (Pontevedra), pretende levar a cabo as obras de construción dunha gardería infantil na rúa Palencia.*

*Para o financiamento das referidas obras, que contan cun presuposto estimado de 659.831,20 €, o concello declara non ter solicitada nin concedidas axudas procedentes de administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.*

*A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado considera oportuno participar no financiamento do custo das devanditas obras, co fin de mellorar a asistencia ós diversos colectivos sociais do concello, especialmente a infancia, e lograr unha cobertura axeitada e o máis ampla posible de protección e apoio ás familias, contribuíndose así a cumprir un dos obxectivos do programa de actuación da consellería.*

Para o dito fin a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado aportará a contía de trescentos vintenove mil euros (329.000 €), distribuídas do seguinte xeito:

ANO 2005	100.000 €
ANO 2006	100.000 €
ANO 2007	129.000 €

O concello pola súa banda, comprométese a aportar os terreos necesarios para a realización das devanditas obras.

Que sendo concorrente o interese das dúas administracións, resulta conveniente colaborar conxuntamente para levar a cabo a construción dunha gardería infantil na rúa Palencia, no Concello de Vigo (Pontevedra), polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de cooperación en base ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA

En concepto de axuda ó investimento, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado comprométese a participar no financiamento das obras de construción dunha gardería infantil na rúa Palencia, no Concello de Vigo (Pontevedra).

Para o dito fin, aportará as seguintes contías con cargo ós respectivos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia:

ANO	IMPORTE DA AXUDA	APLICACIÓN PRESUPOSTARIA
2005	100.000 €	14.02.212D.760.0
2006	100.000 €	14.02.212D.760.0
2007	129.000 €	14.02.212D.760.0

A suma de tódalas achegas e axudas a fondo perdido que puidera obter o concello asinante para o mesmo concepto e finalidade establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a axuda outorgada pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

#### SEGUNDA

O concello deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 78.4 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia de conformidade coa nova redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e que son, entre outras, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado ou, se é o caso, a entidade colaboradora, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicar á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

c) Así mesmo, deberá levar a cabo o procedemento de licitación e contratación das obras obxecto deste convenio e remitir á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, a documentación acreditativa da adxudicación do contrato na que conste o importe da mesma.

d) O concello deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

#### TERCEIRA

Os pagos efectuaranse ó concello previa xustificación do investimento realizado, (as certificacións de obra deberán ser expedidas polo facultativo director das obras), xuntándose certificación do secretario da corporación que transcriba o acordo ou resolución da súa aprobación polo órgano competente.

No caso de existir financiamentos paralelos para a mesma finalidade, o concello deberá achegar unha desagregación das contías a abonar por cada unha das entidades financeiras con referencia ó exercicio orzamentario ó que deban ser imputadas. Todo isto sen prexuízo da presentación doutro tipo de documentación legal ou regulamentariamente establecida.

As devanditas xustificacións de investimento realizado, deberán ser remitidas á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, antes do día 3 de novembro do respectivo exercicio orzamentario.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 78.4 e) do Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Non obstante o anterior, e por tratarse dunha axuda superior a 60.101,21 euros, seralle igualmente de aplicación o establecido no artigo 15.3 do citado Decreto 287/2000, respecto da comprobación por parte da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado do investimento realizado, antes do pagamento total do mesmo.

#### CUARTA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o cumprimento da finalidade nel establecida, que en ningún caso será posterior ó 31 de decembro do ano 2007.

#### QUINTA

O concello comprométese a facilitar á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, cando sexa posible segundo a programación que exista en cada momento, a utilización das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola mesma, no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, comprométese a que o centro permaneza aberto por horario amplo, polo menos 10 horas diarias ininterrompidas, durante 5 días á semana, 11 meses ó ano.

En toda a publicidade derivada da execución do presente convenio farase constar a colaboración da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia.

## SEXTA

*O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado á que deberá ser remitida toda a documentación relativa ó mesmo.*

*Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polo secretario xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e o alcalde-presidente do concello.*

*En caso de discrepancia e, en última instancia, resolverán os órganos xurisdiccionais competentes.*

## SÉTIMA

*Son causas de resolución do presente convenio as establecidas no artigo 78.10 do Decreto Legislativo 1/1999 do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, de conformidade coa nova redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*

*Entre as citadas causas de resolución se mencionan as seguintes :*

- a) O incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.*
- c) O incumprimento das condicións impostas ó beneficiario e as entidades colaboradoras con motivo da concesión da subvención ou da axuda pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ó modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención, cando diste derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- d) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no presente convenio, e ou nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

## OITAVA

*O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.*

*Así mesmo, en canto lle sexa de aplicación, estarase ó disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e, igualmente, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas.*

*O tribunal competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran xurdir, será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.*

**30(291).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES (CEDRO). EXPTE. 10946/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 31.01.05, conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local celebrada o día 30.12.2004 ven de declarar deserto o concurso para a contratación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias(UAD) e Unidade de Día (UD), por no se ter presentado licitadores.*

*Pola oficina de contratación é a solicitude do centro xestor modificouse o prego de condicións administrativas para poder tramitar a adxudicación do contrato a través do procedemento negociado.*

*A utilización do procedemento negociado para a adxudicación do contrato é posible de acordo co establecido no artigo 210 a) do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas permitindo esté precepto o incremento do prezo do contrato ata un 10%, polo que o tipo de licitación pasou de 410.000 euros no prego do concurso a 440.000 euros do prego actual.*

*Outra modificación do prego foi a retirada, no que rexirá o procedemento negociado, da esixencia de clasificación. Circunstancia esta permitida no artigo 25-5 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Ademáis o informe 7/03 de 23 de xullo de 2003 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa conclúe o seguinte:*

*“.... la Junta Consultiva de Contratación Administrativa entiende que la aplicación del artículo 25.5 de la Ley de Contratos de la Administraciones Públicas es independiente de lo previsto en los artículos 141 a) y 210 a) de la misma y, en consecuencia, la posibilidad de exceptuar de clasificación no debe considerarse, a efectos de estos últimos artículos y apartados, modificación de las condiciones originales del contrato.”*

*O resto das modificacións efectuadas no prego afectaron ós seguintes apartados:*

- *A regulación do procedemento empregado para a adxudicación. O anterior tratábase dun concurso aberto no que se regulaban as publicacións dos anuncios nos Boletíns Oficiais, no actual trátase dun procedemento negociado no que se cursaran invitacións para participar na licitación.*

- *O prazo do contrato que no anterior prego se establecía que fora o 01-01-2005, circunstancia esta que non é posible cumprir por xa ter pasada esta data. Isto obrigou a modificar a clausula da revisión de prezos do contrato para que se cumprira o esixido no artigo 103-1 do TRLCAP respecto da obriga de transcurrir o prazo de un ano para ter dereito a revisión do prezo.*
- *Modificar a cuantía da garantía provisional por mor do aumento do tipo de licitación.*

*O gasto que xenere o expediente propónse a súa imputación a partida 412.3.227.06.01 do presuposto do ano 2005 e seguintes.*

*Por iso, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Sra. Interventora Xeral, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo: ...”*

Conclúe o informe formulando a proposta contida na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe de 10.02.05 do titular da Asesoría Xurídica e documentos contables acreditativos da existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 440.000 euros/ano para a contratación da prestación dos servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias(UAD) e Unidade de Día (UD) que se imputarán á partida 412.3.227.06.01 do presuposto do ano 2005 e seguintes.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación por procedemento negociado os servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas nos dispositivos asistenciais do centro CEDRO: Unidade Asistencial de Drogodependencias(UAD) e Unidade de Día (UD).

#### **31(292).- SOLICITUDE DA DIRECTORA DO MARCO PARA EXPOSICIÓN DE CINCO COCHES NA RÚA DO PRÍNCIPE, DIANTE DA FACHADA DO MUSEO.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da solicitude da directora do MARCO, con data de entrada no Rexistro Xeral de 8.02.05, pola cal con motivo da exposición adicada ao artista Carlos Rodríguez Méndez solicita permiso para situar cinco coches na rúa Príncipe, diante da fachada do museo, dende o 17 ao 27 de marzo, que formarían parte de dita exposición.

Acordo

A Xunta de Goberno local desestima dita solicitude.

**32(293).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A SECRETARIA-CONCELLEIRA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molarez Pérez.